



concello de
agolada

Tel: 986 788 062/063
Fax: 986 788 190
concello@agolada.es
http://www.agolada.es



DON ANTONIO CANDAL CARIDAD, SECRETARIO – INTERVENTOR DO CONCELLO DE AGOLADA (PONTEVEDRA),

CERTIFICO:

Que o día vinteseite de novembro de dous mil quince tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local conforme ó Acta que transcrita literalmente di:

SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 27 DE NOVEMBRO DE 2015.

Na Casa do Concello Agolada (Pontevedra), sendo as oito horas e trinta minutos do día vinteseite de novembro de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde – Presidente, don Ramiro Varela Peón, e coa asistencia dos concelleiros: don Héctor Miguel Martínez Sanz, don Alberto Vilariño Coego, asistidos do Sr. Secretario da Corporación, don Antonio Candal Caridad, se celebra a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local convocada para o día de hoxe, pasándose seguidamente o estudo dos asuntos incluídos na Orde do día, e adoptándose os acordos seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda presta-la súa aprobación ó borrador da Acta da sesión extraordinaria celebrada o día dezasete de novembro de dous mil quince.

2.- LICENCIAS DE OBRA

Dáse conta do escrito número 1532, de data 16 de novembro de 2015, suscrito por D. José David Costa Mouríño, polo que se interesa a concesión da licenza municipal de obras para Reposición de Tellado (tella nova país sobre uralita) dunha edificación, sita na parroquia Ramil número 3 deste Concello. Visto o informe do técnico municipal de data 21 de novembro de 2015, que o fai no senso favorable a concesión da licenza que se pretende. A Xunta de Goberno Local, deixando a salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros e previo pago da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda CONCEDER a licenza de obras



concello de
agolada

Tel: 986 788 062/063
Fax: 986 788 199
concellic@agolada.es
http://www.agolada.es



2

solicitada, debendo o interesado axustarse, na realización da obra, estrictamente ó solicitado.

Dáse conta do escrito número 1561, de data 17 de novembro de 2015, suscrito por D. Ramón Miguélez González, polo que se interesa a concesión da licenza municipal de obras para Cerre de finca entre parcelas mediante postes e malla metálica, sita no lugar de Sestillón- Corres (Parcela 99, polígono 502) da parroquia de Trabancas deste Concello. Visto o informe do técnico municipal de data 21 de novembro de 2015, que o fai no senso favorable a concesión da licenza que se pretende. A Xunta de Goberno Local, deixando a salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros e previo pago da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda CONCEDER a licenza de obras solicitada, debendo o interesado axustarse, na realización da obra, estrictamente ó solicitado.

Dáse conta do escrito número 1562, de data 17 de novembro de 2015, suscrito por D. Juan Luis Eiras Sexto polo que se interesa a concesión da licenza municipal de obras para Cambio de tellado do forno (sustitución da tella actual por planchas de uralita e tella pais), sito en Travesía San Pedro número 13 de este Concello. Visto o informe do técnico municipal de data 21 de novembro de 2015, que o fai no senso favorable a concesión da licenza que se pretende. A Xunta de Goberno Local, deixando a salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros e previo pago da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda CONCEDER a licenza de obras solicitada, debendo o interesado axustarse, na realización da obra, estrictamente ó solicitado.

3.- BENEFICIARIOS DE ALTA, HORAS ADXUDICADAS E EMPREGADAS APTAS PARA CADA SERVIZOS DE SAF/ DEPENDENCIA.

Dase conta da documentación presentada pola traballadora social de servizos comunitarios e responsable do programa de DEPENDENCIA E AXUDA NO FOGAR do Concello de Agolada, D. Carmen Ansedes López, sobre os beneficiarios de alta, horas adxudicadas e empregadas aptas para cada servizo:



concello de
agolada

Tel: 986 788 062/063
Fax: 986 788 190
concello@agolada.es
<http://www.agolada.es>



3

SEMANA 47- do 23 ao 29 de novembro de 2015.

678 h/semata S.A.F. BÁSICO

961 h/semata S.A.F. DEPENDENCIA

CAMBIOS:

E.C.C. Pasa de 30h/mes a 70h/mes

N.V.E. Pasa de 23h/mes a 26h/mes

B.S.C. BAIXA DO SERVIZO (70h/mes)

4.-SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA NO AMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS PARA A CONTRATACIÓN DE AXENTES DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL PARA O EXERCICIO 2015.

Vista a Orden do 16 de novembro de 2015 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2015.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a prórroga da contratación de 1 axente de emprego e desenvolvemento local (AEDL).

Segundo.- Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria a subvención para a contratación do AEDL.

5.- SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA A ENTIDADES LOCAIS CON POBLACIÓN INFERIOR A 20.000 HABITANTES PARA ADQUISICIÓN DE DESFIBRILADORES, O MANTEMENTO, REPARACIÓN DE INSTALACIÓN DEPORTIVAS E ESPAZOS PÚBLICOS, E A ADQUISICIÓN.

Vistas as bases publicadas no BOP número 226 de data 23/11/2015 sobre as subvención da Deputación Provincial de Pontevedra a entidades locais con poboación



concello de
agolada

Tel: 986 788 062/063
Fax: 986 788 198
concello@agolada.es
<http://www.agolada.es>



24

inferior a 20.000 habitantes para adquisición de desfibriladores, o mantemento, reparación de instalación deportivas e espazos públicos, e a adquisición, a Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade aproba:

Primeiro.- Solicitar unha subvención á Deputación Provincial de Pontevedra para realizar o proxecto denominado OBRAS DE SUSTITUCIÓN DE CANALÓNS, BAIXANTES E PARCHEADO EN FALDÓNS DA CUBERTA DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL e para a ADQUISICIÓN DUN DESFIBRILADOR.

Segundo.- Facultar o Sr. Alcalde para que no seu nome e en representación do Concello de Agolada asine todos os documentos necesarios e oportunos para a solicitude e posterior xustificación da subvención solicitada.


6.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS

NON EXISTEN.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde - Presidente levántese a sesión, sendo as nove horas e dez minutos, asinando a presente acta e, eu como Secretario, certifico.

E para que conste e surta os efectos oportunos, expídese a presente, de orde e co visto bo do Sr. Alcalde - Presidente, en Agolada a vinteseite de novembro de dous mil quince.

Vº Bº: O Alcalde,



O secretario,